# TOMA DE DECISIÓNS

## ALUMNADO DE 3º ESO

# ESTOU REMATANDO 3º DE ESO. QUE VAI PASAR AGORA?

- Estás rematando xa 3º de ESO e é agora cando comezas a elixir o camino académico e profesional que queres seguir en función dos teus gustos,intereses, capacidades e motivacións. Chega o momento de verdade no que tes que pararte a pensar:
- **Como son?** que é o que me gusta? interésame máis a Ciencia, a Sociedade, as Humanidades ou a Arte?
- **En que destaco?** teño destrezas ou habilidades especiais en algo? que é o que se me da ben?
- **Que alternativas teño** para acadar os meus obxectivos? cales se adaptan mellor ao que quero eu? poderei cambialas se ao final non me gusta?

# O ORIENTA LINE

- O OrientaLine, é unha aplicación de autoorientación que che permite responder a través dun cuestionario a moitas desas cuestión plantexadas.



# 4º ESO

- **MATERIAS COMÚNS OBRIGATORIAS**
- Lingua Castelá e  Literatura (3 h.)
- Lingua Galega e Literatura (3 h.)
- Xeografía e Historia(3 h.)
- Inglés (3 h.)
- Educación Física (2 h.)
- Titoría (1 h.)
- Relixión ou  Proxecto Competencial (1 h.)

# ELECCIÓN DE ITINERARIO 4º ESO

- Orientado ao Bacharelato de **Ciencias (opción A)**
- Orientado ao Bacharelato **Tecnolóxico (opción B)**
- Orientado ao Bacharelato de **Ciencias Sociais, Humanidades e Xeral (opción C)**
- Orientado ao Bacharelato de **Artes e Ciclos formativos de FP (opción D)**

**OPCIÓN A**

Materias de opción

- Matemáticas B
- Bioloxía e Xeoloxía
- Física e Química

**OPCIÓN B**

Materias de opción

- Matemáticas B
- Física e Química
- Tecnoloxía

**OPCIÓN C**

Materias de opción

- Matemáticas: A o B
- Economía e Emprendemento
- Latín

OPCIÓN D

Materias de opción

- Matemáticas A
- Tecnoloxía
- Formación e Orientación Persoal Profesional

# ITINERARIO DE CIENCIAS (OPCIÓN A)

- Materias de opción
- Matemáticas B
- Bioloxía e Xeoloxía
- Física e Química

# ITINERARIO TECNOLÓXICO (OPCIÓN B)

- Materias de opción
- Matemáticas B
- Física e Química
- Tecnoloxía

# ITINERARIO CCAS.SOCIAIS-HUMANIDADES E XERAL

- Materias de opción
-  Matemáticas: A o B
-  Economía e Emprendemento
-  Latín

# ECONOMÍA E EMPRENDEMENTO



Los contenidos que contribuyen a adquirir los objetivos de la materia se organizan en cuatro bloques.

El primero se relaciona con el análisis y desarrollo del perfil de la persona emprendedora haciendo hincapié en el autoconocimiento y en el desarrollo de habilidades personales y estrategias de gestión para hacer frente a contextos cambiantes e inciertos en los que emprender.

El segundo se liga al análisis de los distintos entornos –económica, empresarial, social, ambiental, cultural y artística–, así como al desarrollo de estrategias de exploración de estas que le permitan al alumnado identificar necesidades y buscar oportunidades que surjan en ellas, haciéndolo consciente de que el entorno va a condicionar la realización de sus proyectos personales y profesionales.

El tercero se vincula a la captación y gestión de recursos humanos, materiales, inmateriales y digitales como elementos necesarios para que un proyecto se lleve a la realidad. De este modo, se abordan cuestiones como fuentes de financiación, recursos financieros y formación y funcionamiento ágil de los equipos de trabajo.

El cuarto y último bloque trata de dar a conocer el método de realización de un proyecto emprendedor desde la fase de ideación hasta las de ejecución y validación del prototipo final. En este proceso, se familiarizará al alumnado con las metodologías ágiles que podría utilizar en el aula a la hora de realizar su propio proyecto innovador.

# LATIN



O primeiro destes bloques estuda o latín como orixe das linguas romances; o indoeuropeo e as súas familias lingüísticas, a orixe, a evolución e as etapas do latín e as linguas romances. A continuación preténdese analizar o papel que desempeñou a lingua latina na formación do galego, do castelán e das demais linguas romances que se falan na actualidade analizando os procesos de evolución fonética, morfosintáctica e semántica.
Os dous bloques seguintes tratan aspectos netamente lingüísticos, centrándose desta vez na morfoloxía e na sintaxe, os outros dous niveis de descrición e explicación do sistema, ademais da fonética e a semántica, dúas realidades inseparables que conforman e integran o aspecto gramatical. Un bloque ao estudo da civilización latina, co fin de identificar non só os feitos máis importantes da súa historia, senón tamén os aspectos propios da súa organización política, social e militar, e da súa identidade cultural, sen esquecer o estudo da vida cotiá, a relixión e a mitoloxía.
Un bloque dedícase un bloque ao estudo do léxico, préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces latinas nas linguas modernas

# ITINERARIO ARTES-CICLOS DE FP (OPCIÓN D)

- Materias de opción
-  Matemáticas A
-  Tecnoloxía
-  Formación e Orientación Persoal Profesional

# TECNOLOXÍA



Esta é unha materia que consta dunha parte teórica e outra práctica. Desenvólvese na aula-taller de Tecnoloxía e
na aula de Informática. Trata de fomentar as aprendizaxes e desenvolver as capacidades do alumnado para unha
mellor comprensión dos obxectos técnicos, a súa utilización e a súa manipulación, así como o dominio dos
procesos tecnolóxicos mediante os que se deseñan e constrúen os devanditos obxectos.

Bloques de contidos:

Electrónica, pneumática, tecnoloxías da comunicación, tecnoloxía e sociedade, control e robótica.

# FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PERSOAL PROFESIONAL



Ofrece a posibilidade de profundar no coñecemento de si mesmo, descubrindo as súas calidades persoais como potencial de valor, e aproximarse ao ámbito das ciencias relacionadas co estudo dos comportamentos humanos, sociais e culturais. Facilítaselle, ademais, o achegamento ás distintas opcións formativas e de emprego que lle proporciona a contorna para favorecer, desde o coñecemento da realidade, o proceso de toma de decisións sobre a súa vocación e o seu itinerario académico cunha futura proxección profesional.

Espertar no alumnado a curiosidade por entenderse non só como individuos illados, senón como suxeitos sociais e culturais. Esa curiosidade abre a porta ao coñecemento, á reflexión crítica e á análise, partindo de formulacións, saberes e estratexias propias de disciplinas como a psicoloxía, a socioloxía ou a antropoloxía. En segundo lugar, os obxectivos propoñen que o alumnado coñeza e aprenda as habilidades persoais e sociais necesarias para participar, crear e desenvolverse nos grupos humanos cos que interactúa dentro do ámbito persoal, social, académico e profesional. Para xerar esa participación, creatividade e enriquecemento persoal, social e profesional é preciso desenvolver ferramentas que faciliten a adaptación positiva á contorna, a toma de decisións informadas e a asunción de responsabilidades. En terceiro lugar, os obxectivos contribúen a que o alumnado transfira as aprendizaxes a un plano práctico e desenvolva o seu propio proxecto persoal, académico e profesional

# MATERIAS ESPECÍFICAS DE OPCIÓN. NUMERAR POR ORDEN DE PREFERENCIA (SE CURSAN 2 MATERIAS)

- **Materias de opción/optativas (Numeraranse todas por orde de preferencia)**
- **Non se poderán cursar á vez Cultura Clásica e Oratoria**
- Oratoria (soamente se non foi cursada en 3º ESO)
- Cultura clásica (soamente se non foi cursada en 3º ESO)
- Francés
- Dixitalización
- Expresión Artística
- Música
- Filosofía
- Intelixencia Artificial para a sociedade

# CULTURA CLÁSICA



Bloque 1. Xeografía e historia.Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.
Bloque 2: Mitoloxía
Bloque 3: Arte
Bloque 4. Sociedade e vida cotiá
Bloque 5. Lingua e literatura
Bloque 6. Perduración na actualidade

# ORATORIA



# ORATORIA

- O primeiro bloque, **«O discurso persuasivo: a arte de falar e convencer»,** pretende ofrecerlle ao alumnado un primeiro achegamento ás bases fundamentais da oratoria e a mostras representativas de discursos de índole persuasiva.
- O segundo bloque, **«A selección de información: inventio**», a través do manexo de diferentes fontes, o alumnado afondará no coñecemento do tema do discurso; diferenciará entre información e opinión e adoptará unha postura crítica á hora de analizar a información que obteña das distintas fontes.
- O terceiro bloque, **«A preparación do discurso: dispositio, elocutio e memoria»,** ten como punto de partida o feito de que unha estrutura clara e ordenada do texto e un manexo axeitado da lingua e das técnicas da retórica son atributos necesarios de calquera discurso oral eficaz, que haberá que memorizar deixando certa marxe á espontaneidade. O tratamento destes contidos é, xa que logo, imprescindible, pois sobre eles se asentará todo o traballo posterior coa oralidade.
- No cuarto e último bloque, **«A presentación do discurso: actio»,** Teñen especial importancia os aspectos relacionados coa xestión emocional do/da orador/a e será requisito indispensable crear na aula un clima de confianza e seguridade para que o alumnado experimente a satisfacción que supón ter a oportunidade de presentar ante un auditorio as propias ideas e opinións. Alén diso, neste bloque inclúense contidos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que deben constituír un mero apoio sen restar protagonismo á persoa e ao seu discurso.
- O alumnado empregará a palabra e as técnicas da retórica e da oratoria para presentar proxectos, achegas, opinións ou refutacións en foros diversos en que poida participar (xuntanzas no ámbito escolar, asociativo etc.) ou en simulacións de foros institucionais ou profesionais (intervencións de tipo político, profesional, académico etc.), optando por perspectivas innovadoras que transformen positivamente a realidade e defendan os dereitos fundamentais da nosa democracia.
- En definitiva, **a oratoria contribuirá a desenvolver habilidades fundamentais, pois as persoas que se expresan ben en público acostuman a obteren mellores resultados académicos en todas as materias, xestionan mellor as súas emocións, fomentan a súa capacidade crítica, xeran pontes de entendemento co seu auditorio e exercen con eficacia o seu liderado.**

# FRANCÉS



# FRANCÉS

- Preténdese que o alumnado continúe progresando na súa madurez
- lingüística e social para ampliar as marxes da súa competencia plurilingüe e pluricultural.
- Comunicación, Plurilingüismo e Interculturalidade
- Ademais, na fase voluntaria da ABAU, o francés segunda lingua estranxeira ten a ponderación máxima (0.2 puntos) no acceso a 17 graos de humanidades e a 27 graos de ciencias sociais e xurídicas.

# DIXITALIZACIÓN



# DIXITALIZACIÓN

- Esta materia caracterízase pola realización de actividades nas que se desenvolven destrezas técnicas para acceder ás redes de información e se utilizan aplicacións informáticas de propósito xeral. A metodoloxía é eminentemente práctica. O alumnado aprenderá a distinguir e interconectar os diferentes elementos dun equipo informático básico, reflexionará sobre aspectos relacionados coas novas tecnoloxías (riscos das redes, adicción ao móbil, novas profesións relacionadas coas TIC…), aprenderá a manexar programas de utilidade para a realización de traballos nas diferentes materias do curso actual e posteriores (procesador de textos, folla de cálculo, programas de edición de imaxe, presentacións…) e achegarase aos fundamentos da programación.

# EXPRESIÓN ARTÍSTICA



A expresión Artística oriéntase cara a creación de productos artísticos individuais ou grupais, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e un público determinados;dende unha perspectiva de índole eminentemente práctica.

As diferentes técnicas artísticas empregadas para acadar tal obxectivo pasarán polas máis habituais no debuxo, na ilustración, na pintura, estampaxe, modelaxe, creación de volume… coma outras vinculadas á fotografía e o vídeo dentro da linguaxe audiovisual e multimedia. Un último apartado fai referencia ao debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño, que busca dotar ao alumnado dun instrumento eficiente para comunicarse de xeito gráfico e obxectivo, para expresar ideas ou proxectos de acordo con convención que garanta a súa interpretación fiable e precisa ao tempo que se desenvolve a súa visión espacial.

# MÚSICA


METAL
JAZZ
ROCK STAR
ROCK
BLUES
PUNK
MUSIC
Band
VOLUME
DANCE
SOUND
JAZZ
LOVE
LIVE
MUSIC = GOD
HITS
ROCK
LOVE

Afondará no estudo e práctica de manifestacións culturais máis próximas aos gustos dos rapaces/zas. Descubrirán instrumentos electrónicos e virtuais; aprenderán a sonorizar pequenos fragmentos de películas; editarán programas de radio; analizarán bandas sonoras de películas; e tamén afondarán no pasado máis inmediato da música pop que é orixe dos/as artistas, bandas ou grupos e intérpretes que a eles lles gustan.

# FILOSOFÍA



A materia de Filosofía de cuarto curso de ESO ten como unha das súas finalidades contribuír a dotar o alumnado dunha capacidade básica de comprensión de si mesmo/a e do mundo en que vive ,que poida servirlle para desenvolverse como persoa e como cidadán ou cidadá, promovendo unha actitude reflexiva e crítica capaz de argumentar de forma coherente e lóxica, adquirindo, ao tempo, unha visión filosófica e cultural en xeral.

A materia estrutúrase en seis bloques:

"A filosofia"

"Identidade persoal"

"Socialización",

"Pensamento",

"Realidade e metafísica" e

"Transformación"

# INTELIXENCIA ARTIFICIAL



Bloque 1. Que é a intelixencia artificial
Bloque 2. O impacto da intelixencia artificial
Bloque 3. Fundamentos da intelixencia artificial
Bloque 4. Tecnoloxías transversais na intelixencia artificial

**OPCIÓN A**
**Materias de opción**

- **Matemáticas B**
- **Bioloxía e Xeoloxía**
- **Física e Química**

**OPCIÓN B**
**Materias de opción**

- **Matemáticas B**
- **Física e Química**
- **Tecnoloxía**

**OPCIÓN C**
**Materias de opción**

- **Matemáticas: A o B**
- **Economía e Emprendemento**
- **Latín**

**OPCIÓN D**
**Materias de opción**

- **Matemáticas A**
- **Tecnoloxía**
- **Formación e Orientación Persoal Profesional**

**Materias de opción/optativas**
Numeraranse todas por orde de preferencia.
Non se poderán cursar á vez Cultura Clásica e Oratoria
Oratoria ou Cultura Clásica (se non foi cursada en 3º curso)
Oratoria
Cultura Clásica
Francés
Dixitalización
Expresión Artística
Música
Filosofía
Intelixencia Artificial para a sociedade


As opcións despois de 4º de ESO:
4º ESO
Co título de ESO
Si título de ESO
Ciclos de Grado Medio de FP
Bacharelato
Ensinanzas de Réxime Especial
Ciclos de FP Básica (entre 15 e 17 anos)
Proba libre Graduado en ESO (18 anos)
ESA (Educación Secundaria de Adultos – 18 anos)
Proba de acceso a Ciclos de GM de FP (17 anos)

# RELACIÓN ENTRE MATERIAS CURSADAS EN 4º ESO E AS MODALIDADES DE BACHARELATO



XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21·22

# LOMLOE

## PRIMEIRO DE BACHARELATO

| | SESIÓNS/CURSO | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | MODALIDADE CIENCIA E TECNOLOXÍA | | MODALIDADE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS | | MODALIDADE XERAL | | MODALIDADE ARTES: VÍA MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS | | MODALIDADE ARTES: VÍA ARTES PLÁSTICAS, IMAXE E DESEÑO | |
| | Lingua Galega e Literatura I | 3 | Lingua Galega e Literatura I | 3 | Lingua Galega e Literatura I | 3 | Lingua Galega e Literatura I | 3 | Lingua Galega e Literatura I | 3 |
| | Lingua Castelá e Literatura I | 3 | Lingua Castelá e Literatura I | 3 | Lingua Castelá e Literatura I | 3 | Lingua Castelá e Literatura I | 3 | Lingua Castelá e Literatura I | 3 |
| | 1ª Lingua Estranxeira I | 3 | 1ª Lingua Estranxeira I | 3 | 1ª Lingua Estranxeira I | 3 | 1ª Lingua Estranxeira I | 3 | 1ª Lingua Estranxeira I | 3 |
| | Filosofía | 3 | Filosofía | 3 | Filosofía | 3 | Filosofía | 3 | Filosofía | 3 |
| | Educación Física | 3 | Educación Física | 3 | Educación Física | 3 | Educación Física | 3 | Educación Física | 3 |
| | Matemáticas I | 4 | Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I / Latín I | 4 | Matemáticas xerais | 4 | Análise Musical I / Artes escénicas I | 4 | Debuxo artístico I | 4 |
| | Relixión / Disposición de centro | 1 | Relixión / Disposición de centro | 1 | Relixión / Disposición de centro | 1 | Relixión / Disposición de centro | 1 | Relixión / Disposición de centro | 1 |
| ELEXIR 2 MATERIAS DE 4 HORAS | Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais | 8 | Grego I | 8 | Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial | 8 | Coro e Técnica Vocal I | 8 | Volume | 8 |
| | Tecnoloxía e Enxeñería I | | Economía | | Materias doutras modalidades | | Linguaxe e Práctica Musical | | Cultura Audiovisual | |
| | Debuxo Técnico I | | Historia do Mundo Contemporáneo | | Optativa | 4 | Cultura Audiovisual | | Proxectos Artísticos | |
| | Física e Química | | Literatura Universal | | | | Análise Musical I / Artes escénicas I | | Debuxo Técnico aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño I | |
| | Optativa | 4 | Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I / Latín I | | TOTAIS | 32 | Optativa | 4 | Optativa | 4 |
| | | | Optativa | 4 | | | | | | |
| | TOTAIS | 32 | TOTAIS | 32 | | | TOTAIS | 32 | TOTAIS | 32 |

**OPTATIVAS AUTONÓMICAS**: Anatomía aplicada | Cultura científica | Antropoloxía | 2ª Lingua extranxeira I | Literatura Galega do SXX e a Actualidade | Tecnoloxías da Información e Comunicación I

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21-22

# LOMLOE

## SEGUNDO DE BACHARELATO

| | SESIÓNS/CURSO | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | MODALIDADE CIENCIA E TECNOLOXÍA | | MODALIDADE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS | | MODALIDADE XERAL | | MODALIDADE ARTES: VÍA MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS | | MODALIDADE ARTES: VÍA ARTES PLÁSTICAS, IMAXE E DESEÑO | |
| | Lingua Galega e Literatura II | 3 | Lingua Galega e Literatura II | 3 | Lingua Galega e Literatura II | 3 | Lingua Galega e Literatura II | 3 | Lingua Galega e Literatura II | 3 |
| | Lingua Castelá e Literatura II | 3 | Lingua Castelá e Literatura II | 3 | Lingua Castelá e Literatura II | 3 | Lingua Castelá e Literatura II | 3 | Lingua Castelá e Literatura II | 3 |
| | 1ª Lingua Estranxeira II | 3 | 1ª Lingua Estranxeira II | 3 | 1ª Lingua Estranxeira II | 3 | 1ª Lingua Estranxeira II | 3 | 1ª Lingua Estranxeira II | 3 |
| | Historia de España | 3 | Historia de España | 3 | Historia de España | 3 | Historia de España | 3 | Historia de España | 3 |
| | Historia de Filosofía | 3 | Historia de Filosofía | 3 | Historia de Filosofía | 3 | Historia de Filosofía | 3 | Historia de Filosofía | 3 |
| | Matemáticas II / Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II | 4 | Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II / Latín II | 4 | Ciencias Xerais | 4 | Análise Musical II / Artes escénicas II | 4 | Debuxo artístico II | 4 |
| | Relixión / Disposición de centro | 1 | Relixión / Disposición de centro | 1 | Relixión / Disposición de centro | 1 | Relixión / Disposición de centro | 1 | Relixión / Disposición de centro | 1 |
| ELEXIR 2 MATERIAS DE 4 HORAS | Bioloxía | 8 | Grego II | 8 | Movementos Culturais e Artísticos | 8 | Coro e Técnica Vogal II | 8 | Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica | 8 |
| | Xeoloxía e Ciencias Ambientais | | Economía e Deseño de Modelos de Negocio | | Materias doutras modalidades | | Historia da Música e da Danza | | Fundamentos artísticos | |
| | Debuxo Técnico II | | Xeografía | | Optativa | 4 | Literatura Dramática | | Deseño | |
| | Física | | Historia da Arte | | | | Análise Musical II / Artes escénicas II | | Debuxo Técnico aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II | |
| | Química | | Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II / Latín II | | | | Optativa | 4 | Optativa | 4 |
| | Tecnoloxía e Enxeñería II | | Optativa | 4 | | | | | | |
| | Optativa | 4 | | | | | | | | |
| | TOTAIS | 32 | TOTAIS | 32 | TOTAIS | 32 | TOTAIS | 32 | TOTAIS | 32 |

**OPTATIVAS AUTONÓMICAS**

- Métodos estatísticos e numéricos
- Psicoloxía
- 2ª Lingua Estranxeira II
- Patrimonio e Sociedade de Galicia
- Tecnoloxías da Información e a Comunicación II

# RAMAS DE COÑECEMENTO DOS GRAOS UNIVERSITARIOS



# CICLOS FORMATIVOS DE F.P

